



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE AGOSTO DO 2024.

Sesión 13/2024-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de agosto do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto do 2024 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (SESIÓN NÚM. 11/2024; C.E. NÚM. 08/2024).

Pola Presidencia indícase que ademais da aprobación da acta da sesión núm. 11/2024 cómpre emendar a acta da sesión núm. 08/2024 logo de se ter advertido que nela figura como asistente o concelleiro sr. Blanco González (APSU) cando en realidade o dito concelleiro non tiña asistido á dita sesión, con escusa para os efectos.

Logo de preguntárllelo, aos membros da Corporación, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 11/2024, ordinaria do 23 de xullo, sen se ter producido intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

Sometida a votación a rectificación do erro advertido na acta da sesión núm. 08/2024, extraordinaria do 13 de maio, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, acórdase por unanimidade rectificala para constatar que o concelleiro D. Breogán Blanco González (UPSA) non asistiu á dita sesión, con escusa.

2º.- FESTAS LOCAIS 2025.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 22 de agosto do 2024, que recolle literalmente:

«Único.- Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2025 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes:

Martes 4 de marzo, Martes de Entroido, e

Martes 24 de xuño, festa de San Xoán».

A continuación ábrese o debate, no que interveñen o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, explicando a proposta de acordo; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) e a sra. Arias Ferreiro (PP), quen apunta tamén á posibilidade, se cadra futura, de facer festivo o día 18, día da sardiñada, declarada de interese turístico.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2025 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes:

Martes 4 de marzo, Martes de Entroido, e

Martes 24 de xuño, festa de San Xoán.

3º.- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 27.06.2024, DE ACCESO ÁS PARCELAS INCLUÍDAS NO APD-D1.7, AMPLIACIÓN DO COLEXIO SADA Y SUS CONTORNOS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 22 de agosto do 2024, que recolle literalmente:

«Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por María Jesús Lorenzo Cimadevila contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Segundo.- Desestimar o recurso de reposición interposto por María del Pilar Mosquera Freire contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Terceiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Rosa Josefa Mosquera Freire contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos interesados».

A continuación ábrese o debate, no que interveñen o presidente, sr. Portela Fernández (SM); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) e a sra. Arias Ferreiro (PP).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por María Jesús Lorenzo Cimadevila contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Segundo.- Desestimar o recurso de reposición interposto por María del Pilar Mosquera Freire contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Terceiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Rosa Josefa Mosquera Freire contra o acordo plenario do 27.06.2024 que establece a ocupación da súa propiedade temporalmente, incluída no APD-D1.7, "Ampliación do Colexio Sada y sus Contornos" para a realización dos estudos de xeotecnia precisos para a redacción do proxecto de equidistribución, en base aos argumentos contido no informe xurídico emitido pola secretaria municipal o 19.08.2024.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos interesados.

4º.- INCLUSIÓN DUN CAMIÑO EN MOSTEIRÓN AO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DO CONCELLO.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 22 de agosto do 2024, que recolle literalmente:

«1º- Aprobar inicialmente a incorporación ao inventario de bens inmobles do Concello de Sada os terreos e as obras realizadas en execución do vial público sito en Mosteirón, 9 - Mosteirón. (referenza catastral 000401100NH59H0001QJ), como ben de dominio público destinado ao servizo público, cunha superficie de 348,86 m2 e coas características e referencias que se definen na ficha que se incorpora como anexo de este acordo.

2º.- Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente no Servizo de Urbanismo e Medio Ambiente deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

3º.- Notificar de forma individualizada aos titulares catastrais colindantes anteriormente sinalados, co fin de que no dito prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación, poidan presentar, de ser o caso, cantas alegacións estimen oportunas.

4º.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro e no Rexistro da Propiedade».

A continuación ábrese o debate, no que interveñen o presidente, sr. Portela Fernández (SM); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen aproveita para solicitar que se actualice todo o relativo ao inventario; novamente o presidente, quen debate coa sra. Arias e o sr. España López (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar inicialmente a incorporación ao inventario de bens inmobles do Concello de Sada os terreos e as obras realizadas en execución do vial público sito en Mosteirón, 9 - Mosteirón. (referencia catastral 000401100NH59H0001QJ), como ben de dominio público destinado ao servizo público, cunha superficie de 348,86 m² e coas características e referencias que se definen na ficha que se incorpora como anexo de este acordo.

2º.- Publicar o correspondente anuncio de información ao público no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, co fin de que os interesados poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas e examinar o expediente no Servizo de Urbanismo e Medio Ambiente deste Concello, significando que no suposto de non presentarse alegación ningunha o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

3º.- Notificar de forma individualizada aos titulares catastrais estremeiros anteriormente sinalados, co fin de que no dito prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación, poidan presentar, de ser o caso, cantas alegacións estimen oportunas.

4º.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro e no Rexistro da Propiedade.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 18 de xullo (núm. 1384) ata o 23 de agosto do 2024 (núm. 1601).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos e das Resolucións ditados pola Alcaldía dende o día 18 de xullo (núm. 1384, do expediente 2024/G003/001456) ata o 23 de agosto do 2024 (núm. 1601, do expediente 2024/G003/001698), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), tamén dá conta da razón da non inclusión na orde do día da composición da Mesa Local de Comercio.

B. Mocións.

Non se presentaron.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) fai os seguintes rogos e pregunta:

1º.- Roga, con relación ás festas, que se incremente a representación da cultura galega.

Intervén para os efectos o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística.

Única.- Pregunta sobre o estado da ponte do lugar de Cacharrete, da parroquia de Mosteirón.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

2º.- Roga que se traten de amañar os accesos ás praias e calas do termo municipal.

3º.- Efectúa un rogo relativo ao apoio ao transporte público en autobús.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga, por pedimento dos veciños, que se proceda á limpeza, rozamento e asfaltado das fochancas no lugar de Fortiñón, na parroquia de Mondego, que fai extensible ao resto do municipio.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

2º.- Roga que se efectúe o rozamento dos cruces e accesos ás estradas, para a mellora da visibilidade.

A sra. Pena formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta, facendo alusión á sesión extraordinaria do mes de xullo, polas licitacións nas que se estea a traballar.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta, tamén con alusión á sesión extraordinaria do mes de xullo, se se teñen relacionado os contratos menores que Intervención vulga que non se poden ter considerados como tales co obxecto de efectuar os oportunos procedementos de contratación.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

3ª.- Pregunta por unha valoración numérica de satisfacción, do cero ao cinco, dos sadenses ou prosperidade da Feira Modernista.

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, que omitindo a pregunta comeza a relatar os eventos.

3ª.- Pregunta tamén por unha valoración numérica de satisfacción, do cero ao cinco, con relación ás Festas Patronais.

Insiste a sra. Pena en que poña unha puntuación e resposta o sr. Villar que non a vai dar.

A sra. Arias Ferreiro (PP) roga que o alcalde se reúna cos taxistas e que se aprobe a ordenanza de taxis, que di que hai poucos.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Arias formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se se ten feito algunha mediación entre a ANPA e as familias afectadas pola suba de prezos do comedor do colexio de Mondego.

Contestan a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude e o presidente, sr. Portela Fernández (SM); intervén tamén o sr. García López (UPSA), nun amplo debate.

2ª.- Pregunta novamente, logo do último pleno, se se ten iniciado algo para a creación dun centro de información da muller en Sada, logo do acordo plenario de hai un ano.

A sra. Val Armesto (PP) roga que se tomen medidas relativas ao mantemento axeitado da limpeza e hixiene, poñendo diversos exemplos de desatención.

A sra. Val Armesto (PP) tamén pregunta se a mocidade podería xa adestrar no campo de Carnoedo e deixar de facelo no de Mondego, aludindo a unha falla de previsión.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude.

O sr. Lonja Tajés (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta polo seguimento das deficiencias das tapas da avenida de Sada y sus Contornos.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente; intervén tamén a sra. Arias Ferreiro (PP).

2ª.- Pregunta se se lle pode explicar ao pobo por que non se amaña a avenida de Sada y sus Contornos, lembrando que era unha estrada da Xunta de Galicia da que reclamou a titularidade o concello.

O sr. España López (PP), logo de dirixirse aos sres. Graña Mosquera (GM-BNG), en relación cos agasallos, e ao sr. Villar López (SM), con relación á Feira Modernista, formula as seguintes preguntas:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

1ª.- Pregunta polo tipo seguimento e vixilancia que se está a facer polo concello dos areais municipais respecto da aparición das carabelas portuguesas.

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

Roga para os efectos de que se limpen as praias que se lle esixa á empresa responsable que sen cumpra a correspondente táboa de quendas de limpeza.

Roga por reiteradas peticións veciñais que se doten de parques infantís e bio-saudables tanto a O Castro, en Osedo, como a Soñeiro, onde hai terreos municipais dispoñibles para facelo.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula unha última pregunta:

3ª.- Pregunta se non se considera urxente a seguridade, logo de ter solicitado hai tres meses que se convocase a Comisión Especial de Seguridade Cidadá e non se ter efectuado aínda a dita convocatoria.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Salorio Porral (UPSA) expón os seguintes rogos:

1º.- Roga (di que reiterando) ao sr. Fariña que se arranxe o problema dunhas pólas e árbores en Meirás do que os veciños consideran que non tivo resposta aínda mesmo un escrito que presentaron.

2º.- Roga (di que reiterando) ao sr. Villar que non minta, logo de poder comprobar todos que nas Festas Patronais a atracción dos autos de choque volveu situarse no mesmo sitio do ano pasado, tendo que desprazarse os autobuses a O Castro, como o ano anterior.

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística.

A sra. Salorio Porral tamén formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta (tamén di que reiterando) neste caso ao sr. Portela (SM) pola prórroga en condicións obsoletas da empresa do servizo de axuda a domicilio (SAF), para cando ha ser a nova licitación, se se moveu algo ou se teñen que solicitar o acceso ao expediente.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta á sra. Martínez Abruñedo (SM) se sabe se se recibiron queixas, reclamacións dos usuarios con relación ao servizo de xantar na casa.

Contesta a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se se lles vai facer chegar todo o relativo ás licitacións que se lle dixo á sra. Pena Álvarez (GM).

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM) que si.

2ª.- Pregunta con relación ás modificacións efectuadas relativas á subvención do convenio coa ANPA para o comedor escolar, se se lles pode dar acceso ao expediente e se é posible adiantar agora algo.

Contestan o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude, quen debaten para os efectos coa sra. Nogareda, quen fai referencia a varios exemplos de organización de eventos e festas e intervindo tamén amplamente o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; intervén tamén o sr. España López (PP).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 33 minutos do día xoves 29 de agosto do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000013

electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.